

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19.

SESION EXTRAORDINARIA DO 22 DE DECEMBRO DE 2015

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Regades Fernández, David (concelleiro do grupo Socialista)
Rodríguez Díaz, Santos Héctor (concelleiro do grupo Socialista)
Egerique Mosquera, Teresa (concelleira do grupo do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dezaseis horas e oito minutos do día dezoito de decembro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do

Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores e señoras concelleiros, iniciamos Pleno do Concello número 19, sesión extraordinaria, convocada por orde do día do 9 de decembro do presente ano, en poder dos señores e señoras concelleiros, ábrese sesión pública, constátase quorum, cun punto único, de acordo co Regulamento os tempos serán dez minutos para a exposición do goberno, cinco minutos cada grupo e pecha o goberno con cinco minutos.

ÚNICO(254).- COMPARECENCIA DO GOBERNO MUNICIPAL AO OBXETO DE EXPLICAR O ALCANCE E CONSECUCIAS DA SENTENZA, DO 10 DE NOVEMBRO, DO T. S. QUE ANULA AS ORDES DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE DOS ANOS 2008 AO 2009 QUE APROBAN O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 1287/1101

SRA. CARIDE ESTEVEZ: Moitas gracias Sr. Alcalde, señores e señoras moi boas tardes. Hoxe como dicía o Alcalde estamos aquí para dar conta das accións levadas a cabo polo goberno municipal logo da sentenza que fai nulo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2008, como saben a sentenza do Tribunal Supremo declara nulo este Plan Xeral por unha insuficiente motivación da Resolución de 28 de marzo de 2008, da consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Esta sentenza polo tanto non cuestiona a labor do goberno municipal, non cuestiona a acción do goberno municipal senón que cuestiona a motivación na aplicación da Disposición Transitoria Primeira, no seu punto dous, da Lei 9/2006, a inviabilidade que se decretou para o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo foi solicitada

pola entón alcaldesa de Vigo, o día 2.10.2006, logo de dous meses de que a consellería de Medio Ambiente, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible lle enviara unha carta ó Concello de Vigo lembrándolle a entrada en vigor da Lei 9/2006, polo tanto pide a alcaldesa de Vigo entón, a Sra. Porro, a inviabilidade de aplicación do sometemento á avaliación estratéxica ambiental, logo dun requirimento da consellería de Medio Ambiente que lle lembra que esa Lei xa era de aplicación. Como ben establece esa Disposición Transitoria, o conselleiro de Medio Ambiente, nese momento o director xeral de Desenvolvemento Sostible, ten que decretar a inviabilidade da aplicación desa Lei, caso a caso motivadamente, por ese motivo o día 20.12.2006, o director xeral de Desenvolvemento Sostible solicita ao Concello de Vigo que lle solvete as deficiencias detectadas na xustificación e información do Plan Xeral e logo de enviada a documentación, o 10 de setembro do ano 2007, emite unha resolución publicada no Diario Oficial de Galicia, pola que se establecen os requisitos para declarar a inviabilidade de sometemento á avaliación estratéxica ambiental do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, logo de que o Concello de Vigo en decembro do ano 2007, remita toda a documentación do Plan Xeral, cubertas todas estas actuacións como aparece no tomo segundo do estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo que no seu punto primeiro, punto tres di, Resolución de setembro de 2007 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible pola que se establecen os criterios e tódalas modificacións establecidas no Plan Xeral para cumprir eses criterios, logo de que o Concello de Vigo polo tanto aporte esa documentación, o 28 de marzo do ano 2008, hai unha resolución de inviabilidade de sometemento á avaliación estratéxica ambiental da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, logo de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos na resolución como dicía de dez de setembro de 2007. Polo tanto a partires dese momento, do 28 de marzo, prodúcese a aprobación definitiva parcial do 99% do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, soamente corenta e oito días despois de que o director xeral de Desenvolvemento Sostible diga que se cumpren os requisitos e polo tanto solvéntase a aplicación da Lei de avaliación estratéxica ambiental, e como saben vostedes o 13 de xullo do ano 2009, remátase de aprobar definitivamente o que restaba de aprobar do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo,

aproximadamente o 1%, que xa fai o goberno que presidía entón o Sr. Núñez Feijóo e que non pon ningunha salvidade na aplicación da avaliación estratéxica ambiental, polo tanto o que estamos falando nesta situación é dunha consideración por parte do Tribunal Supremo, consideración que saben que non foi a única que fixo un tribunal, xa o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia entendera que non había lugar ó recurso presentado nese caso polos recorrentes e xa en numerosas ocasións en 113 sentenzas se pronunciaron os tribunais, tanto o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como o Tribunal Supremo a favor da legalidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo do ano 2008, aínda así como saben hoxe estamos onde estamos porque esta sentenza do Tribunal Supremo non é recorrible e polo tanto o Plan é nulo.

En calquera caso e respecto a algunhas declaracións escoitadas ao longo dos pasados días, lembremos que a notificación ao Concello de Vigo foi o día 30 do mes de novembro, pola tarde e polo tanto ao longo destes vintedous días levamos escoitado moitas cousas, entre elas que existiu un atraso na aplicación que significaba que dende a resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible ata a aprobación do Plan transcorrera moito tempo e eu repito que transcorreron corenta e oito días, dende esa resolución ata a aprobación do 99% do Plan Xeral de forma definitiva parcial, debemos salientar que non foi unha actuación illada que se tivo co Concello de Vigo para o decreto da inviabilidade de sometemento á avaliación estratéxica ambiental, mais ben ao contrario e máis ben, Sra. Muñoz vostede que tan preocupada está da legalidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, lémbrolle que mentres vostede era membro do goberno galego ou ben como Interventora ou ben como conselleira, o goberno galego continuou aprobando no ano 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 plan xerais de ordenación municipal coa inviabilidade de sometemento á declaración de avaliación estratéxica ambiental, polo tanto non foi unha actuación illada, era un requisito que a Lei poñía que agora o Tribunal Supremo considera que estivo insuficientemente motivado, e pódolle poñer exemplos, no ano 2010 o de Muros ou o de Teo, no ano 2011 o de Lugo, no ano 2012 o de Muíños, no ano 2013 o de Aranga, no ano 2014 o de Oleiros e curiosamente o outro día xa lle citaba no ano 2015 o de O Corgo e cítollo especialmente porque curiosamente para ese concello a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, no ano 2009 decidiu que non era viable aplicar a

avaliación estratéxica ambiental e o goberno do que vostede formou parte, decidiu no ano 2010 que si era viable, fixo un novo decreto, unha nova resolución, decidiu que si que era viable e non o aprobou ata o ano 2015, cinco anos máis tarde, coa mesma inviabilidade de sometemento á avaliación estratéxica ambiental, en calquera caso, logo desta situación o Concello de Vigo púxose a traballar, como non podía ser doutro xeito, porque precisábamnos corraxir unha situación e solventar unha situación moi preocupante para a nosa cidade, hoxe temos como base legal para o ordenamento e desenvolvemento da nosa cidade, o Plan Xeral de Ordenación Urbana do ano 93, e temos tamén os instrumentos de Planeamento do Casco Vello, Bouzas, as APIS e o PEC, polo tanto todo elo lévanos a unha situación na que con urxencia, soamente dezaoto días logo de coñecer esta sentenza, xa tomamos o acordo de iniciar a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal novo, que solvente tódalas necesidades que ten esta cidade e contextualice o Vigo que queremos para o presente e para o futuro, ademais dende o momento do coñecemento desa sentenza, despois de consultar cos servizos de Asesoría Xurídica por suposto do Concello, reuniuse aos distintos equipos que forman parte dende o Planeamento municipal a tódalas oficinas e reuniuse o Concello de Vigo, en particular o seu Alcalde cos colectivos sociais, tanto cos sindicatos da cidade como cos empresarios, como os colectivos profesionais para intentar transmitirle cal era a folla de ruta que o Concello ía empregar a partir de agora, ademais diso, como saben, dende a Xerencia de Urbanismo dimos conta en tódolos Consellos da Xerencia das accións que estabamos empregando, hoxe sen ir mais lonxe e ademais reunímonos como dicía con distintos colectivos e comezamos a pedir e solicitar información, o curioso de todo isto é que no primeiro momento a Xunta de Galicia amosa unha vontade totalmente colaboradora co Concello de Vigo e polo tanto saímos dunha reunión coa conselleira dona Beatriz Mato, onde a conselleira ofrece tódolos instrumentos a disposición da Xunta de Galicia para botar unha man ó Concello de Vigo porque sabe a Xunta de Galicia que é responsable desta situación e polo tanto ten responsabilidade nesta situación e na de outros concellos e ofrécese a utilizar tódolos instrumentos que estean por riba do planeamento municipal para os casos que queiramos para botar unha man. O Concello de Vigo traslada catro necesidades imperiosas da cidade, a necesidade de desenvolver como un proxecto supramunicipal, tanto a actuación do Polígono de Balaídos para

Citroën, como o Parque Tecnolóxico de Valadares, como a Cidade da Xustiza ou a estación intermodal, tamén solicitada pola ministra de Fomento, e o inexplicable que logo desa reunión os representantes do Partido Popular de Vigo tamén se reúnen coa Xunta e a partires de aí cambia a historia, e a Xunta de Galicia pasa a dicir que o Concello de Vigo se ten un problema que o resolva, non entendemos que teñen vostedes contra esta cidade.

SR. PÉREZ CORREA: A nos esta situación lémbra-nos, por poñer algún símil cinematográfico, á ponte de mando do Titanic, na que o capitán e o contramestre están discutindo de quen foi a culpa e sen ninguén organizar a evacuación do barco, temos un problema e polo tanto se o recorrido deste problema vai ser o relatorio de quen ten a culpa desta situación, pois non imos dalo solventado, temos unha certa tranquilidade despois do proceso electoral para poder entre administracións de diferente cor política, pois obviamente comezar ese traballo que para nos é absolutamente necesario e imperioso, sobre todo porque é unha oportunidade que dicíamos no último Pleno onde tivemos este tema enriba da mesa.

En primeiro lugar a responsabilidade nos seguimos pensando ou pensá-bamos no seu día, e tamén o pensaban as asociacións alternativa veciñal e a asociación Outro Vigo é posible, que o 26 de outubro do ano 2007 remiten este escrito a esta conselleira que hoxe é a nosa concelleira de Urbanismo e dí-selle abertamente nese escrito que vai acompañado dun documento xurídico encargado por esa asociación, que dicía que o Concello de Vigo solicita a exención dun trámite que eles entenden que a día de hoxe non ten porque ser sometido á inaplicación dese Regulamento, desa Directiva Europea trasposta á nosa lexislación, é dicir xa nesa altura colectivos importantes desta cidade como Outro Vigo é posible que é un colectivo aparte que no seu día fixo unha labor moi importante moi vinculado tamén ao Partido Socialista é un colectivo que no seu día dicía abertamente a irresponsabilidade política do goberno do Partido Popular de solicitar naquela altura que non se sometera á avaliación ambiental estratéxica ao Plan Xeral de Vigo, esta carta con rexistro de entrada na Xunta de Galicia, acompañado como digo dun informe que ven a dicir o que agora consagra unha sentenza xudicial, que non había ningún motivo polo que o Concello de Vigo solicitara esa exención, mais alá

dalgun motivo que nos xa puxemos enriba da mesa que ten que ver coa planificación, a sostibilidade, os criterios económicos, os criterios urbanísticos que conteñen este Plan, polo tanto varios anos despois volvemos ó punto de inicio, varios anos despois volvemos a unha situación que require outra vez dunha compenetración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para levar adiante un novo plan, e os indicadores que temos riba da mesa non nos tranquilizan como grupo municipal a que sexamos capaces, dicimos, de abordar con total naturalidade a redacción dun novo Plan Xeral e nos introducimos aquí unha pregunta que queremos que se poña enriba da mesa, imos someter o novo plan á avaliación estratéxica ambiental antes dos procesos de aprobación, antes de todo o que ten que ver coas fases iniciais de aprobación, imos emendarnos colectivamente como cidade e non volver a cometer os erros dese plan que se lanzou nun momento moi concreto da historia deste país que esperamos non volva a suceder, como foi o hinchamento da burbulla inmobiliaria, pois entón empezamos xa e para iso eu creo que ten que haber unha corresponsabilidade e asumir que o Concello de Vigo en diferentes etapas, nunha etapa do Partido Popular e nunha etapa do Partido Socialista decidiron que había que intentar por tódolos medios posibles que este plan non pasara por ese filtro, porque se entendía que ese Plan non o ía pasar, ou se entendía que as previsión económicas, demográficas urbanísticas non ían pasar ese filtro, polo tanto temos unha oportunidade e o Plan do 2008, como queda claro no informe económico-financeiro, como queda claro na planificación, na cualificación do chan o do 2008 non vale, ou polo menos nos entendemos que non vale e que polo tanto o traballo vai ser absolutamente inxente e válenos absolutamente as fórmulas, válenos que sexa unha colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo en axudar economicamente a que haxa un novo concurso para unha nova redacción dun plan xeral, válenos calquera das fórmulas que as administracións implicadas poñan enriba da mesa, polo tanto iso é o que deberíamos tratar nesta comparecencia, máis aló de que nos seguimos pensando a corresponsabilidade compartida de que ninguén dixo basta nestes anos a ese Plan Xeral, a ese modelo de Urbanismo que se poñía enriba da mesa e que valía a un partido ou outro dependendo se estaban na oposición ou no goberno, tanto na Xunta de Galicia como no Concello e afortunadamente agora existen hemerotecas que poden visualizar iso, a colaboración eu creo que vai ser

absolutamente necesaria de tódolos grupos municipais, nunha parte sensible da sociedade non é facer unha reunión de media hora con proxección en prensa, isto require dun proceso inicial que como todo plan urbanístico require tamén dun consenso moi amplo de sectores desta cidade, de colexios profesionais, da propia universidade e iso son traballos demasiado importantes como para que agora comecemos unha batalla que eu creo que se vai converter en endémica senón a solucionamos.

SR. FIGUEROA VILA: Boas tardes, en primeiro lugar dicir e clarexar que este Pleno solicitouno o noso grupo municipal para saber cal era a situación despois da sentenza, porque loxicamente o goberno non actuaba, en calquera caso o que si esta claro é que estamos ante un Pleno que para algúns nos lembra moitas cuestións, Sra. Caride, seguramente vostede non aguantaría un debate comigo de todo o que pasou realmente se somos capaces de levar aqueles días do ano 2006, 2007, 2005 pois o que sucedeu na cidade de Vigo e o que sucedía no Porto de Vigo e na Xunta de Galicia, porque tódalas institucións teñen unha correlación nos feitos, e iso pois loxicamente e seguramente vostede o sabe, non o quere dicir pero o Alcalde si que o sabe perfectamente, o Alcalde de Vigo é coñecedor de todo o que sucedeu, eu teño algo para dicirlle ao Alcalde, digo que Vigo tiña un plan xeral ata que chegou vostede Sr. Caballero, dígoo doutro xeito, de non ter chegado vostede Vigo tería hoxe un Plan Xeral aprobado, e déixeme repetirlo, de non ter chegado vostede a utilizar o PXOM como un arma electoral no seu propio beneficio, Vigo hoxe tería un Plan Xeral aprobado e iso é a realidade, claro que hai que falar de política porque as decisións técnicas son a propostas políticas na maior parte dos casos que despois os técnicos definen e concretan, e que fixo o Sr. Caballero cando estaba no Porto de Vigo, no momento que foi nomeado candidato á Alcaldía de Vigo, en setembro do ano 2006, condicionou á Sra. Caride e ao Sr. Vázquez para que o Plan Xeral de Vigo que había sido aprobado por 19 de vinte e sete concelleiros e 21 de 22, é unha pena que non estea aí o Sr. Santos Hector, loxicamente non pode estar neste Pleno o Sr. Santos Hector porque era un dos que apoiaba aqueles colectivos dos vintedous que había, vinteún estaban a favor e vostede Sr. Alcalde intentou manipular á Xunta de Galicia, aos que naquel momento mandaban na Xunta de Galicia que era o Sr. Touriño, O Sr. Vázquez e a

Sra. Caride, e esta deixouse utilizar politicamente e tecnicamente, para que? Para que o Plan de Vigo non fose aprobado e a partires de aí é de onde ven realmente o problema, que pasou durante todo este tempo? Pois durante este tempo pasou que o Sr. Alcalde o Sr. Caballero foi candidato á Alcaldía, houbo unhas eleccións, foi Alcalde e despois boicoteou o Plan Xeral como non podía ser doutro xeito, boicoteouno, paralizouno e prodúzose un atraso que nos leva a algo que o Sr. Alcalde non quere oír que o Plan Xeral volve ao ano 93, os especialistas os socialistas, o Sr. Príncipe, a Sra. Villarino, ese é o urbanismo de Vigo e por iso, non tiña pensado facelo pero si o vou facer porque se escoitamos realmente o que pode ser, o que di o Sr. Caballero (*procede a poñer unha gravación*).

PRESIDENCIA: Sr. Figueroa para poñer calquera gravación ten que pedir permiso á Presidencia, voulo dar pero pídalle permiso á Presidencia. Agora póña.

SR. FIGUEROA VILA: Vostede levou ao Plan Xeral e a esta cidade a unha situación que veremos cales son as consecuencias e a nos que nos preocupa, cales poden ser esas consecuencias, e por iso dígolle mirándoo á cara, as propostas que faga fagaas sen enganar aos cidadáns, sen enganar aos veciños/as de Vigo, eu dígolle que vostede cando o mérito é seu e o resultado é positivo a responsabilidade é súa, cando non é dos demais e iso é o que non se pode aceptar baixo ningún concepto, vostede agora está intentando exculparse para botarlle a culpa á Xunta, á Xunta por certo bipartita, do BNG e do PSOE son os que estaban alí, bipartita, polo tanto eu pediríalle que fose honesto coa cidade, que fose honrado coa cidade, que fose leal coa cidade e que a proposta que se nos vaia facer se nos faga de cara ao futuro e se nos faga sen enganar aos cidadáns porque ao final veñen as consecuencias. Eu teño aquí un escrito dun veciño de Vigo que di que está moi preocupado e por suposto que teñen que preocuparnos os grandes temas pero tamén teñen que preocuparnos os veciños pequenos que compraron o seu terreo, que os compraron legalmente e que agora vense nunha situación de indecisión. Sr. Alcalde sabe que plan temos agora en vigor, o do 93 o dos socialistas o da Sra. Villarino e do Sr. Príncipe. As 6.000 vivendas protexidas tamén.

SR. LÓPEZ FONT: Moitas gracias Sr. Alcalde, cando vin, dende o respecto a quen

intervén por cada grupo, que non interviña a Sra. Muñoz dixen bueno recoñecen o seu erro e co mal que o fixo ata o de agora, cambiaron, pero claro cando intervén vostede e intervén nos termos que o fai é aínda máis preocupante Sra. Muñoz, porque xa está claro que vostede perdeu este debate, Sr. Figueroa o urbanismo desta cidade é o seu, si todo o malo do urbanismo desta cidade ten nome e apelidos, José Manuel Figueroa Vila, porque mire esta película que nos están contando de que un transixiron, de que un condiciona a outro, de que xa o dixemos, isto é unha completa película que ninguén o cre, eu tamén lle miro á cara e dígolle que os males do urbanismo é vostede e cando gobernaba coa Sra. Porro, e a cara da legalidade e da honestidade no urbanismo é a cara do Alcalde e da Sra. Silva como concelleira de Urbanismo, e sabe por que? Porque ata o ano 2007 que o Sr. Caballero chegou á Alcaldía desta cidade o que é evidente é que o urbanismo desta cidade esta baseado na ilegalidade, no escurantismo, en Finca do Conde e non o digo eu, porque que saia vostede agora en defensa dos pequenos propietarios dende logo ten moitas narices, non o digo eu, dino moitos cidadáns que se sentiron estafados polo que vostedes prometeron de cara ao Plan Xeral e dino os cidadáns que había corrupción cando vostedes gobernaban e dino os cidadáns que había actitudes de tipo mafia cando vostedes gobernaban, si Sr. Figueroa e cando o Sr. Caballero chegou á Alcaldía deste Concello en seis meses fixo un plan de Urbanismo, é verdade que sobre a base do que habían feito vostedes, pero algo ao que vostedes non votaron a favor que era o tema da vivenda protexida, que era o tema de dar vivenda aos que non a podían ter, e aí Sr. Figueroa estaban os sindicatos aos que vostede menciona, aquí estamos tódolos concelleiros e o que non pode estar un día determinado non é por ningún tipo de ausencia, aquí dicíao toda a cidade o urbanismo anterior ao mes de xuño de 2007 que o Sr. Abel Caballero é Alcalde era o urbanismo da especulación e non só eu toda a cidade o identifica con vostede, porque vostede foi concelleiro de urbanismo porque hai informes na tramitación dese Plan que así o din, xa llos ensinarei, estame apuntando a miña compañeira e con moita razón a motivación do Secretario, polo tanto imos rematar este debate porque é absolutamente penoso o que vostedes haxan pedido unha comparecencia para ver cal é a situación do Plan que vostedes votaron a favor na Xerencia de Urbanismo e que votaron aquí no Pleno e en vinteún días Sr. Figueroa, estamos endereitando esta situación dende a

legalidade, o que vostedes nunca fixeron, eu si que lle miro á cara, este goberno non enganou nunca á xente, este goberno foi capaz en seis meses de conseguir un Plan Xeral e é vostede o único Sr. Figueroa e coa testemuña de moitas persoas desta cidade, que se sentiron estafadas por promesas nun plan xeral que ó final non saíu, e iso naquel momento chamábase corrupción, iso naquel momento chamábase ilegalidade e fronte a iso este goberno presidido polo Sr. Caballero é o que conseguiu un plan legal, claro que tivo 113 sentenzas a favor, claro que si e mire o máis importante sabe o que é? Que vostedes son a cara do escurantismo e da corrupción e nos estamos como entramos.

SRA. CARIDE ESTEVEZ: Recuperando o ton de preocupación polo desenvolvemento futuro da cidade, quero deixar constancia de que pode estar vostede tranquilo Sr. Figueroa, lealdade toda, honestidade toda, e unha cuestión adicional que vostede nos citou, transparencia toda, para que todos saibamos onde estamos e cara a onde imos. Dende o primeiro momento que se coñeceu esta sentenza dedicáronse vostedes a intentar enredar, enredaron constantemente, incluso chegaron a dicir que o Orzamento do 2016 non se podería aprobar porque non se podían cumprir as previsións de recadación do Imposto de Bens Inmóbeis, eu xa entendo porque a Sra. Muñoz non fixo este debate, porque hoxe ademais lle aportamos no Consello da Xerencia de Urbanismo a todos vostedes, un informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que di claramente que a base do catastro para o cálculo do IBE é o Plan Xeral de Ordenación Urbana do ano 93 e que no segundo punto, non é un informe do Concello é do Ministerio de Facenda di: “A recente sentenza xudicial que anula o Plan Xeral do Municipio de Vigo non surte efectos no catastro, xa que a delimitación do solo de natureza urbana non resultou adaptada a este último e polo tanto nunca tivo incidencia na determinación dos valores catastrais dos bens inmóbeis de dito municipio”, polo tanto todo iso desmontouse, teñan vostedes tranquilidade que o Concello está facendo o seu traballo, tanto é así que dende o primeiro momento, so levamos vinte e un días dende que coñecimos a sentenza e xa iniciamos a elaboración do novo plan xeral de ordenación municipal, pero tampouco chega con iso, solicitamos informes, teña vostede a tranquilidade de que imos desenvolver este plan xeral con tódolos cumprimentos legais que hoxe se esixen, que son inda máis que os que existían no ano 2006, polo tanto claro que

se vai someter á avaliación estratéxica ambiental, de feito xa estamos traballando tanto no documento estratéxico como no borrador que vai dar lugar ao documento de inicio que estará dispoñible na consellería de Medio Ambiente logo dos requirimentos que nos poñen para seguir os indicadores correspondentes, polo tanto tódalas garantías pero non so iso, xa solicitamos información á Secretaría Xeral de Ordenación do territorio, do Instituto de Estudos do territorio, por certo hoxe chegounos a información do Instituto de Estudos do territorio, do Instituto Galego de Estatística, da Demarcación de Carreteras do Estado de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Ministerio de Fomento, Ministerio de Fomento Adif, Ministerio de Fomento Aviación Civil, Ministerio de Agricultura e Alimentación e Medio Ambiente, Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, Consellería de Medio Ambiente e territorio, Instituto de Estudos do territorio ó servizo de Coordinación e Información Territorial, solicitámoslle a Patrimonio da Xunta de Galicia que nos devolvera tódolos informes que estaban pendentes de informe en Pontevedra para que podamos aportar os informes adicionais do que hoxe está vixente que é o Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 93, e polo tanto para poder axilizar a tramitación de licenzas que teñen que ir a Patrimonio, é dicir, estamos traballando arreo cun obxectivo claro, que este revés que sufriu a cidade de Vigo teña os menores efectos posibles sobre os investimentos e as familias que queren desenvolver o seu proxecto de vida nesta cidade, e o que lles pedimos é a súa colaboración, como lle dicía afortunadamente a Xunta de Galicia no primeiro momento deu un paso a favor e fíxonos saber que si aportábamos e lle solicitábamos a incorporación de elementos de incidencia supramunicipal para axilizar os procesos, entendendo que ese procedemento claramente axiliza a proceso botábanos unha man, de feito acordamos coa Secretaria de Ordenación do Territorio e Urbanismo a constitución dunha comisión de coordinación técnica formada por oito membros, catro deles en representación do Concello de Vigo e catro en representación da consellería que se reunirán unha vez ao mes ou con maior frecuencia no caso que sexa preciso para acompañar os traballos de desenvolvemento do Plan Xeral e do mesmo xeito solicitámoslle a incorporación de proxectos de incidencia supramunicipal, incluso a ministra de Fomento pediuno ata que chegou o PP de Vigo, chegou a reunirse co Partido Popular de Vigo e entón paralizouse todo, deixaron de falar de colaborar cos instrumentos de ordenación

supramunicipal, e eu preguntome se vostedes saben o que están facendo, queren poñer en risco o desenvolvemento futuro de Citroën, queren poñer en risco o desenvolvemento da estación do tren e da estación de autobuses, deixen de enredar, ou que pasa que o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia realmente non teñen cartos, porque como saben vostedes co Plan Xeral do ano 2008 vixente non se podía facer nin o proxecto de Thom Mayne nin o proxecto da estación tal e como está concibida da estación de autobuses, era imperativo e pedímoslle a súa colaboración

PRESIDENCIA: Teñan felices festas señores e señoras concelleiros.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dezaseis horas e corenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.